

PISTAS DE BÁDMINTON E TENIS DE MESA

- ✚ Para usar a instalación débese ter unha **reserva** feita e pagada.
- ✚ Tanto o/a titular da reserva como as/os demais deportistas deberán ser usuarios de deportes e presentar o **CÓDIGO QR ou a TUI** para acceder á instalación.
- ✚ En calquera momento pode pedírselle a identificación mediante documento oficial (DNI, pasaporte, carné de conducir...). Se non se pode identificar será expulsado da instalación e a reserva poderá ser anulada sen dereito a devolución.
- ✚ As reservas e os bonos mercaranse a través da web. Tamén se pode facer nas conserxerías das instalacións deportivas pagado con tarxeta.
- ✚ Para acceder á pista hai que ter calzado deportivo axeitado e limpo.
- ✚ Non está permitido acceder con latas botellas de vidro nin animais agás cans guía.
- ✚ Non está permitido fumar.
- ✚ As reservas faranse cunha antelación máxima de 6 días categoría A e 3 días categorías B e C
- ✚ Os prezos serán os que figuren na oferta de práctica libre para o curso.
- ✚ Cada persoa deberá consumir a súa quenda de xogo antes de solicitar a seguinte
- ✚ A reserva de pista dá dereito de uso ao titular da reserva e a un máximo de tres acompañantes que sexan usuarios de deporte.
- ✚ Poderanse reservar unha quenda de xogo, que será de 60 minutos.
- ✚ Está prohibido abandonar desperdicios dentro da instalación fora dos recipientes axeitados.
- ✚ Hai que seguir en todo momento as indicacións do persoal da. Non facelo ou incumprir algunha das presentes normas pode ser motivo para anular o permiso de acceso á mesma.
- ✚ Calquera tipo de incidencia acontecida como consecuencia directa do incumprimento das normas ou dun uso inadecuado da instalación e dos aparellos cos que conta non será responsabilidade da USC.
- ✚ A persoa que produza algún dano será responsable da reparación do mesmo. Se non se pode identificar será o titular da reserva.
- ✚ Os accidentes ou lesións que se ocasionen as persoas usuarias na práctica deportiva serán asumidos polos seus respectivos seguros particulares.
- ✚ Os usuarios terán á súa disposición unha caixa de queixas, reclamacións, suxestións e parabéns para expoñer o que lles pareza pertinente, co obxecto de mellorar o funcionamento do servizo.

- ✚ A USC resérvase o dereito de modificar as presentes normas, cando as necesidades do servizo o demandaren.